

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA MATERIA

Área	RELIXIÓN CATÓLICA	Pág.	1
Curso/Ciclo	5º Curso de Educación Primaria		
Profesor/a	Hermitas Villanueva Martínez		

CONTIDOS		
1.ª AVALIACIÓN	2.ª AVALIACIÓN	3.ª AVALIACIÓN
Temas 1-3 Axúdame a facer o ben • O ser humano foi creado con desexo de ben. O ser humano sente alegría cando realiza ou recibe o ben • O valor da liberdade. Unha gran promesa • Deus fai a Alianza co seu pobo. • O valor do compromiso. As túas normas fanme feliz • Deus desexa un pobo santo: os Dez Mandamentos. • O valor da responsabilidade.	Temas 4-6 Descubro a Biblia • A Biblia: estrutura e composición. • O valor de aconsellar. Alégrame atoparme contigo • O encontro con Xesús desvela á persoa a súa verdadeira identidade. • O valor da autenticidade Os teus milagres achéganme a ti • Os signos do reino: os milagres. • O valor da compaixón.	Temas 7-9 Espero vivir con Deus no ceo • A resurrección: cumprimento do plan salvífico de Deus. • O valor da esperanza. Son membro da Igrexa • A Igrexa: ministerios e servizos. • O valor da sociabilidade. Lembrámosche na Eucaristía • A Eucaristía, renovación do sacrificio de Xesús na cruz. • O valor de celebrar.
OBXECTIVOS		
Mostrar interese por descubrir as respostas da relixión aos interrogantes máis profundos das persoas. Valorar a importancia de practicar o valor da oración. Desenvolver a capacidade de practicar na vida diaria o valor da compaixón. Identificar a Biblia como unha fonte de valores para o mundo actual. Descubrir a importancia de practicar na vida diaria comportamentos de amor para ser felices e facer feliz aos demais. Descubrir Xesucristo Salvador e Redentor do pecado e da morte. Desenvolver o interese por practicar o valor da responsabilidade. Tomar conciencia da importancia de recoñecer a Igrexa como o novo pobo de Deus. Descubrir a solidariedade da Igrexa e as institucións dedicadas a axudar aos demais. Recoñecer os valores da fe e o compromiso cristián como continuidade da misión de Xesucristo. Valorar a importancia da Eucaristía para a Igrexa.		
METODOLOXÍA		
Será comunicativa, inclusiva, activa e participativa, que combina as actividades individuais coas de grupo, e a aprendizaxe real dos contidos coa súa aplicación práctica á vida diaria, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Promovendo a importancia do alumnado mediante lecturas en voz alta, presentación en público dos traballos, exposición dos contidos e pór en xogo as súas capacidades de concentración, escoita, memoria auditiva, expresión corporal e imaxinación. No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas: • Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais. • Traballo en grupo cooperativo: facer grupos de 3 ou 4 alumnos e alumnas, e utilizar as estruturas da aprendizaxe cooperativa suxeridas na guía do profesorado para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara. • Posta en común en gran grupo, despois do traballo individual ou grupal. • Círculos de aprendizaxe. • Exposición do profesorado.		
CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		
1. Recoñecer e estimar que Deus creou á persoa con desexo de ben. 2. Interpretar o significado da Alianza de Deus co pobo. 3. Comprender e respectar as características do pobo que Deus quere contidas no Decálogo.	1.1. Localiza, a través de diversas fontes, biografías que mostran o desexo humano do ben. Comparte cos seus compañeiros e compañeiras os trazos máis significativos 2.1. Explica e sintetiza os trazos característicos da Alianza de Deus co seu pobo. 3.1. Clasifica e é consciente do contido do Decálogo.	

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA MATERIA

4. Distinguir e memorizar os distintos tipos de libros do Antigo e o Novo Testamento. 5. Recoñecer en relatos evanxélicos o cambio que xera o encontro con Xesús 6. Coñecer e interpretar o significado dos milagres de Xesús como acción de Deus.. 7. Comprender que Deus rescata a Xesús da morte. 8. Coñecer e respectar a composición da Igrexa. 9. Identificar o vínculo que existe entre a Última Cea e a paixón, morte e resurrección de Cristo.	4.1. Nomea e clasifica os grupos de libros no Antigo e o Novo Testamento. 5.1. Interpreta e aprecia o cambio que orixinou o encontro con Xesús nalgúns dos personaxes que aparecen nos evanxeos. 6.1. Explica por escrito o significado dalgúns milagres. 7.1. Busca e explica signos e xestos da comunidade cristiá onde se manifesta a presenza de Xesús hoxe. 8.1. Identifica e describe os trazos e as funcións dos diferentes membros da comunidade eclesial. 9.1. Explica e valora o significado das palabras de Xesús na Última Cea.
---	---